O PACES contén unha memoria informativa cos seus antecedentes e obxectivos, un diagnóstico e unha proposta de medidas tanto de mitigación como de adaptación, así como unha estimación orzamentaria da súa execución.

Trátase dunha estimación do orzamento necesario para facer fronte ás actuacións que se propoñen **e non dun compromiso orzamentario definitivo**.

Será necesario revisar anualmente os programas e plans de financiamento de carácter público aos que recorrer, en función dos seus obxectivos, prioridades e requirimentos.

No Plan de Mitigación do PACES, establécense as accións de mitigación que o Concello de Arzúa tería que acometer para conseguir os obxectivos fixados previamente respecto ao , ano de referencia.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

As accións para implantar definíronse tendo en conta os resultados do Informe de Emisións de Referencia (IER), no cal se definen os consumos e emisións de CO2 nos diferentes ámbitos do municipio. Tamén se propuxo un Plan de Adaptación, no cal se definiron unhas accións que marquen o camiño para seguir por parte do Concello na súa política ambiental de loita contra o cambio climático a medio – longo prazo. Estas medidas baseáronse nos resultados do estudo de Avaliación de Riscos e Vulnerabilidades (ERV), mediante o cal se identificaron os sectores máis vulnerables do municipio aos impactos asociados aos riscos debidos á evolución do cambio climático.

Aos dous anos da realización do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES), realizarase un informe de seguimento no cal se plasmará a evolución dos traballos realizados durante estes dous anos. O PACES contén tamén un Documento Informe de Seguimento, cuxo obxectivo é analizar as medidas desenvolvidas neste período para determinar se é necesario achegar modificacións ao PACES.

O PACES non é un documento definitivo e inalterable, está suxeito a posibles revisións en función dos resultados observados e da experiencia adquirida, co obxectivo firme do cumprimento das reducións de emisións e consumo adquiridos coa firma do Pacto.

Coa realización deste documento chegouse ao momento 3 dos obxectivos expostos no Pacto das Alcaldías.

Procédese a continuar co resto de compromisos establecidos na adhesión do municipio ao Pacto, aprobado mediante acordo do Pleno

- a) Reducir as emisións de CO2 no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.
- b) Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.
- c) Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.
- d) Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto das Alcaldías para a supervisión e verificación do proceso.
- e) Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
- f) Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.
- g) Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.
- h) Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.

Vistos os informes de secretaría e intervención no expediente de convenio 2021/A006/000004 e observacións neles contidas vistos os art. 149.1.23ª Constitución española atribúe a lexislación básica ao Estado en materia de protección de medio ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección. - O art. 148.1.9ª Constitución española establece que a xestión en materia de protección do medio ambiente corresponde ás comunidades autónomas. - o. - O art. 25.2. b) da Lei 7/85 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local establece que corresponde ás entidades locais a competencia en materia de medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

Por tanto, atendendo a esa garantía constitucional de mínimos de autonomía local, será na lexislación sectorial, tanto estatal como autonómica, onde se establezan as competencias municipais en materia de protección do medio ambiente (artigos 2 e 25.2. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), e Debido ao carácter polifacético do ámbito ambiental, os asuntos municipais que teñen unha estreita relación coa protección do



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

medioambiente e a transición enerxética son diversos.

Visto o artigo 3.2 da Orde da Consellería de Medio Ambiente que subvencionou a elaboración do PACES sendo necesaria a súa aprobación plenaria .

Por iso, á vista de canto antecede resulta procedente propoñer ao Pleno Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE (PACES) para o municipio de Arzúa , có texto que consta en expediente TEDEC 2021/C002/000024 .

SEGUNDO. Facultar ao Concelleiro Delegado de Medio Ambiente para promover todas as xestións necesarias para o desenvolvemento coordinado e participativo do PACES.

Interveñen:

* A Sra. López Sobrado (do BNG) para sinalar:

- Que van votar a favor, igual que xa o fixeran no seu momento neste pleno decidiron ser parte destas accións, entenden que a emerxencia climática é unha realidade que está ahí, hai responsabilidades colectivas para asumir e as administracións locais teñen que facer a súa parte tamén, o único que piden que esta cuestión non quede só no papel, e que realmente este plan se cumpra dunha maneira transversal, mais alá das áreas de medio ambiente entenden que todo isto debe xestionarse dunha maneira transversal con todas as areas do concello

*O Sr. Rivadulla Varela (do PP) para indicar:

-Xa comentaran nalgunha ocasión que Arzúa podería formar parte da rede de cidades polo clima, para estar nesa rede tense que ter o PACES aprobado, que está moi ben que isto se plantexe sobre o papel pero a parte de medidas medioambientais repercuten boa parte delas no que a parte económica supoñendo unha redución de algún custo o que non sabe é como se trasladará en canto o orzamento para os próximos anos para levar a cabo estas actividades.

O alcalde:

-Cre que é un primeiro paso, un compromiso durante varios anos governe quen governe, iso é interesante porque estea quen estea gobernando verase obrigado a ter



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

en conta todas as medidas que van no plan, estiveronse facendo algunhas cousas, como en moitas parroquias o cambio de luminaria a led, no edificio do concello hai fotovoltaicas, no multiusos e na piscina municipal, como ben saben nos orzamentos ía a adquisición dun coche para a policía local, aínda non se comprou porque imos cambiar e poder comprar un hidrido, e ir intentando cumprir obxectivos deste plan, teñen previsto facer cos colexios, tanto con Atocha como co CEIP un proxecto de compostaxe, porque cremos que son os nenos os que mellor poden transmitir iso nas casas.

-Pouco a pouco haberá que ir facendo cousas neste sentido, porque como ben dicía a concelleira do BNG, a emerxencia climática todos somos conscientes de que está ahí, a pesar de que hai algún partido que o negue.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, por unanimidade 13 votos a favor (6 votos dos concelleiros/as AxA , 1 concelleira do PsdG-PSOE e 2 dos concelleiros/as do BNG,3 dos concelleiros/as do PP e 1 do concelleiro de CxG) o Pleno ACORDOU:

PRIMEIRO. Aprobar o PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE (PACES) para o municipio de Arzúa , có texto que consta en expediente TEDEC 2021/C002/000024 .

SEGUNDO. Facultar ao Concelleiro Delegado de Medio Ambiente para promover todas as xestións necesarias para o desenvolvemento coordinado e participativo do PACES.

3. PROPOSICIÓN APROBACIÓN CONVENIO CON BOIMORTO PARA EXECUCIÓN DE OBRAS DE SANEAMENTO EN VILADÓNIGA-OUTEIRO-PEDRAL. EXPTE. TEDEC 2021/A006/000011

A secretaria pasa a ler o seguinte:

Visto o contido íntegro do expediente TEDEC **2021/A006/000011** para convenio de colaboración proposto polo Concello de Boimorto para conseguir a posta a disposición dos terreos necesarios para a execución das obras de saneamento en Viladóniga, Outeiro e O Pedral.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Ante a urxencia por razóns de interese público de que se execute esta obra de saneamento que tamén nun futuro pode beneficiar a veciños de Arzúa no Pedral e no marco da colaboración e cooperación interadministrativa atendendo a urxencia manifestada pola Alcaldesa de Boimorto ante as esixencias de dispoñibilidade de parcelas para contratación e execución da obra que se trasladan polo organismo Augas de Galicia , en aplicación do artigo 82.3 en relación có artigo 97.2 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais , solicito que o Pleno ratifique a inclusión deste punto sen ditaminar na orde do día .

Deseguido procedese a votar a inclusión deste punto na orde do día, o cal queda incluído na orde do día por o voto a favor de todos os concelleiros

A secretaria pasa a ler a proposta, cuxo contido é o seguinte:

Vistos informes de secretaría e intervención que constan no expediente e advertencias neles contidas .

Considerando o último texto de convenio proposto (anexo a esta proposta) para conseguir neste termo municipal dispoñibilidade de parcelas de titularidade pública para execución da obra sinalada .

Polo presente propono que o Pleno municipal ACORDE:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración có Concello de Boimorto (ANEXO 1 condicionado en apartado segundo) para conseguir a posta a disposición dos terreos necesarios para a execución das obras de saneamento en Viladóniga, Outeiro e O Pedral. que supón a constitución de concesión de uso sobre dominio público (subsolo) nas parcelas demaniais titularidade deste Concello de Arzúa indicadas para paso de tuberías e instalacións relacionadas coa obra

SEGUNDO.-Condicionar para dita adhesión a adaptación o periodo máximo de duración da concesión de uso sobre dominio público e causas de resolución extinción da concesión indicadas na normativa de bens das administracións públicas modificando as cláusulas sexta e oitava .

TERCEIRO.- Autorizar ao alcalde para calquera acto necesario para a efectividade deste acordo.

CUARTO.- Remitir certificado deste acordo ó Concello de Boimorto aos efectos oportunos.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Indica a secretaria que na cláusula segunda do convenio habería que meter que os gastos de tributos que xere o dereito cedido serán en todo caso a conta da administración beneficiaria da concesión.

Interveñen:

* A Sr. García Vázquez (CxG) para indicar: Que hai aproveitar este convenio como precedente sobre a comarca, tomalo como exemplo para facer obras públicas, alumeados etc...,

* A Sra. Balado Conde (PSdeG-PSOE): Que houbo unha petición dos veciños de ambas zonas dende hai moitos anos é unha obra moi necesaria

* O Sr. Rivadulla Varela (do PP):

- Que como di a concelleira do PSOE é algo necesario, pero eles outras veces xa comentaran o tema do saneamento e abastecemento de augas son moi necesarios en distintos lugares das parroquias de Arzúa e se nos contestou que o concello non daba para todo, neste caso cando hai unhas obras que benefician unha mínima parte o concello de Arzúa, está moi ben, pero o concello debería pensar a medio ou longo prazo en dar un servizo de saneamento que se está demandando en moitas parroquias, o tema do abastecemento de auga é diferente, pero incluso nese caso a Xunta de Galicia saca unhas axudas todos os anos para melloras de abastecemento de auga, o que pasa é que requiren que os usuarios estean debidamente rexistrados en Augas de Galicia, como comunidade de usuarios de auga.

-Dende o concello que parece que non se vai gastar nada nas parroquias en canto abastecemento de auga, podería trasladar e eles prestanse para pedir a colaboración da Xunta, para dar información a aquelas persoas que ao mellor poidan ser promotores dunha comunidade de usuarios de auga, e logo beneficiarse das axudas que hai para facer investimentos nas mesmas, porque en moitos casos non saben como se procede a constituir unha comunidade, que pasos hai que dar, a que rexistro hai que acudir e teñen a posibilidade de acollerse a unhas axudas que poderían mellorar o abastecemento de auga

- En canto a saneamento gustaríanos que o concello fixera o mesmo noutros lugares e parroquias

Contesta o alcalde: Que estaría ben como partido popular de Arzúa, lles lembraras a augas de Galicia, xa que hai dous anos que lles prometeron facer un estudo da



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

situación que ten Arzua e a ver que medidas se poderían tomar e aínda están esperando.

-Hai unha experiencia non moi grata dos veciños de San Estevo, fixeron unha traida de auga con todos os permisos de Augas de Galicia, cando o Sr. Rivadulla pase por esa parroquia preguntelle os veciños que tal esa experiencia, o concello tivo que aportar 20.000 euros de subvención porque lle costou case 80.000 euros e as voltas que tiveron que dar.

-Que cando este de alcalde pase polas parroquias e comentalle os veciños que vaian rexistrar as traídas a ver que é o que pensan

-Seguira insistindo con augas de Galicia para que cumpran ese compromiso que teñen con este concello, a empresa que está encargada do servizo de augas dille que sería bo que a Xunta se plantexara facer unha obra grande, como se fixo nunha parte das rias baixas, co tema do salto para abastecer os concellos que están arredor e incluso Santiago, parece ser que a Santiago non lle sobra a auga.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, por unanimidade 13 votos a favor (6 votos dos concelleiros/as AxA, 1 concelleira do PsdG-PSOE e 2 dos concelleiros/as do BNG, 3 dos concelleiros/as do PP e 1 do concelleiro de CxG) o Pleno ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración có Concello de Boimorto (ANEXO 1 condicionado en apartado segundo) para conseguir a posta a disposición dos terreos necesarios para a execución das obras de saneamento en Viladóniga, Outeiro e O Pedral. que supón a constitución de concesión de uso sobre dominio público (subsolo) nas parcelas demaniais titularidade deste Concello de Arzúa indicadas para paso de tuberías e instalacións relacionadas coa obra

SEGUNDO.- Condicionar para dita adhesión a adaptación o período máximo de duración da concesión de uso sobre dominio público e causas de resolución extinción da concesión indicadas na normativa de bens das administracións públicas modificando as cláusulas sexta e oitava .

TERCEIRO.- Autorizar ao alcalde para calquera acto necesario para a efectividade deste acordo.

CUARTO.- Remitir certificado deste acordo ó Concello de Boimorto aos efectos oportunos



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOIMORTO E O CONCELLO DE ARZÚA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO EN VILADÓNIGA, OUTEIRO E PEDRAL

Dunha parte, María Jesús Novo Gómez, alcaldesa do Concello de Boimorto, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte, José Luís García López, alcalde do Concello de Arzúa, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

Primeiro.- O Concello de Boimorto ten atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

Segundo.- O 2.7.2021 a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Boimorto formalizaron un Convenio de colaboración para o saneamento en Viladóniga, Outeiro e Pedral, Boimorto (A Coruña), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Co citado convenio executarase a instalación dun sistema de saneamento nos núcleos de Outeiro, Viladóniga e Pedral, pertencentes ao concello de Boimorto, composto por unha rede de colectores cos seus correspondentes pozos de rexistro e unha estación depuradora de augas residuais.

Para a execución das citadas obras precísase executar actuacións que se deben realizar no termo municipal de Arzúa.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre o Concello de Boimorto e o Concello de Arzúa respecto da posta a disposición por parte do Concello de Arzúa dos terreos necesarios para a execución dun sistema de saneamento nos núcleos de Outeiro, Viladóniga e Pedral.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

SEGUNDA. OBRIGAS DO CONCELLO DE BOIMORTO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello de Boimorto obrígase a:

- Compensar ao Concello de Arzúa por todos os gastos nos que puidera incurrir ese concello derivados da execución, posta en servizo, explotación, mantemento e conservación das obras de referencia.
- Conservar e manter en bo estado as obras e instalacións que se executen, converténdose para todos os efectos, no único responsable da infraestrutura construída, asumindo os dereitos, obrigas e cargas inherentes ao devandito mantemento e conservación.
O Concello de Boimorto será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras de referencia, quedando obrigado á súa indemnización.
- No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello de Arzúa no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.
- Os gastos e tributos que xenerase o dereito cedido serán en todo caso de conta da administración beneficiaria.

TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO ARZÚA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello de Arzúa obrígase a:

1. Poñer a disposición do Concello de Boimorto os terreos de carácter público que se atopen no termo municipal do Concello de Arzúa reflexados no proxecto de obra e que resulten necesarios para a execución do sistema de saneamento nos núcleos de Outeiro, Viladóniga e Pedral.
2. No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello de Boimorto no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

SEXTA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos dende a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante todo o tempo necesario para a execución da obra e funcionamento da instalación e do servizo, cun máximo de vixencia de 75 anos (Conforme art.93.3 LPAP - Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre as partes e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

OITAVA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O transcurso do seu prazo de vixencia.
- Calquera das causas de extinción contempladas para a concesión demanial na normativa patrimonial vixente de aplicación no ámbito Local.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

As 10:34 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O alcalde, José Luis García López	A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez
--------------------------------------	---